



PREGUNTA ORAL SOBRE AS MEDIDAS ADOPTADAS PARA A MELLORA DE INFORMACION E ACCESO AO MONTE GAIÁS E A CIDADE DA CULTURA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O remate da actuación promovida pola Xunta de Galicia na aba do Monte Gaiás para a creación do Bosque de Galicia, coa creación dunha gran superficie con arboredo autóctono de 34 hectáreas, onde foron plantadas preto de 12.000 árbores, na súa maior parte bidueiros e carballos, contrasta coa falta de noticias de iniciativas por parte do Goberno municipal para poñer en valor a singularidades deste lugar entre a veciñanza e as persoas que visitan a cidade, cun claro potencial para prolongar a estadia media na cidade.

Porque son moitos os atractivos que se poden destacar neste ámbito: ademais do valor ambiental do Bosque de Galicia e da arquitectura da propia Cidade da Cultura, no monte Gaiás asentan o Parque da Balea dedicado ao artista urbano Luguís; o Parque do Lago, cunha lámina de auga de cinco metros cadrados; o Xardín Literario, dedicado aos autores galegos; e no futuro formará parte deste conxunto o Xardín do Teatro, que a Xunta de Galicia ten proxectado e que incluíra un rocódromo e un auditorio ao aire libre para 500 persoas.

Hai máis de dous anos, concretamente en abril de 2016, precisamente ante o avance dos traballos do Bosque de Galicia, a maioría da Corporación adoptou un acordo para mellorar a información e o acceso ao Bosque de Galicia e á Cidade da Cultura. En concreto, o acordo demandaba que por parte do Concello se levara a cabo "coa maior dilixencia posible un conxunto de medidas que permitan facilitar o acceso á Cidade de Cultura de Galicia e ao seu contorno, reforzando o atractivo e a utilidade deste singular enclave ambiental e cultural".

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

Que medidas ten adoptado o Goberno municipal nos dous últimos anos en desenvolvemento do acordo plenario para mellorar a información e o acceso ao Monte Gaiás e á Cidade da Cultura, na procura lograr unha maior integración deste enclave no tecido urbano da cidade e poñer en valor o atractivo e o interese entre a veciñanza e as persoas que nos visitan?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Popular